

MEMORIA 2008

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

*Rúa Ramón Cabanillas, 1-entr.
32004 Ourense
Teléfono: 988-235946
e-mail: feciga@mundo-r.com*

INTRODUCCIÓN

A *FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA* é unha organización que aglutina a práctica totalidade dos cineclubs existentes no noso país, que actúa como xestora dos mesmos, e, ademais, como prestadora de servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas: programas de proxeccións, talleres de cine, mesas debate relacionadas co cinema, etc.

CICLOS CONXUNTOS

A Federación de Cineclubes de Galicia organiza e coordina programas para a maior parte dos cineclubes, financiando unha boa parte dos custos de aluguer das películas.

No primeiro trimestre do ano 2008 participaron nestes ciclos:

Cineclube Padre Feijoo	Ourense
Cineclube Adegas	Vilagarcía de Arousa
Cineclube Lumière-Vigo	Vigo
Cineclube Pontevedra	Pontevedra
Cineclube Cangas	Cangas
Cineclube A Calexa	Monforte de Lemos
Cineclube Valle-Inclán	Lugo
Cineclube Groucho Marx	O Barco de Valdeorras

SEMANAS DE CINE

Organizadas polos cineclubs, coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia, teñen destacada transcendencia en cada localidade. Polo seu contido e calidade na organización, veñen acadando un gran nivel de aceptación.

Os programas inclúen, frecuentemente, encontros e debates nos que participan personalidades relacionadas cos medios audiovisuais.

No ano 2008 organizaron Semanas de Cine os seguintes cineclubs:

Cineclube Os Papeiros de Chantada
Cineclube Groucho Marx do Barco de Valdeorras
Cineclube Pontevedra
Cineclube A Calexa de Monforte de Lemos
Club Cultural Valle-Inclán de Lugo
Cineclube Cangas

PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL

1.— Participación dos cineclubs que integran esta Federación nos VIII Encontros de Viana-Cinema e Video, que tiveron lugar en Viana do Castelo (Portugal) entre os días 5 e 11 de maio de 2008.

As dúas principais seccións dos Encontros son o premio PrimeirOlhar e os Olhares Frontais.

O premio PrimeirOlhar está dirixido aos documentais realizados por alumnos das escolas de cinema, audiovisuais ou comunicación de Portugal e Galiza. A colaboración que hai entre os Encontros e Galiza, queda de manifesto a través do premio PrimeirOlhar/Cineclubes, atribuído pola Federación Portuguesa de Cineclubes e pola Federación de Cineclubes de Galicia. Entre os membros do xurado estaba Manuel Precedo Barbeito, guionista, realizador, actor e músico (Cineclub Padre Feijoo, Ourense).

A sección Olhares Frontais consiste nun encontro entre catro escolas de cinema de todo o mundo, que aproveitan a presentar os seus traballos e discutir sobre as súas prácticas pedagóxicas. No ano 2008 estiveron en Viana a Hanoi Academy of Theatre and Film (Vietnam), a École Nationale Supérieure des Métiers de l'Image et du Son (Francia), a Escola de Imaxe e Son de Lugo e a Escola Superior de Artes e Design de Caldas da Rainha.

2.— Como integrantes da Federación Internacional de Cineclubes, participación como xurados nos Festivais Internacionais de Cine nos que a citada Federación outorga o Premio Don Quixote.

CINECLUBE ADEGA

O Cineclub Adeg foi fundado no ano 1976 en Vilagarcía de Arousa. Nas súas orixes a programación era semanal, proxectábase no Auditorio de Caixa Vigo un filme todos os venres.

Ao longo destes anos foron organizadas quince semanas de cine, no mes de agosto, actividade que tiña unha grande acollida por parte dos visitantes estivais; varios certames de fotografía; un encontro de cineclubes de Galicia e Portugal en colaboración coa Federación de Cineclubes de Galicia...

Cando en 1988 se tivo que empezar a proxectar en salas comerciais, a programación pasou a dous ou tres filmes ao mes, porque ao ter que pagar aluguer de sala se encarecían os custos.

Nestes anos o Cineclub Adeg ten editado trípticos coa programación, así como catálogos coa programación anual. Para levar a cabo estas actividades hai que destacar a subvención e patrocinio do Concello de Vilagarcía a través da Concellaría de Cultura para as películas do ciclo Historia do cine; da Concellaría da Muller no caso do Ciclo de Cine da Muller e coas subvencións que recibe a Federación de Cineclubes de Galicia da Xunta de Galicia.

No ano 2005 o Cineclub Adeg leva a cabo unha renovación interna de grande importancia; a nova xunta directiva comeza a súa andadura cunha campaña de publicidade para conseguir a afiliación de novos socios. Dende finais do ano 2004 e, grazas á xestión da antiga directiva, o cineclub dispón dun local no centro social de Vilagarcía (avda. Rosalía de Castro, 24-2º), co que se evita pagar un aluguer. Este local está á disposición dos socios os días de proxección entre as 18 e as 21 h.

As películas son contratadas a través da Federación de Cineclubes de Galicia, que a que nos xestiona o aluguer coas diferentes distribuidoras, así como o envío das mesmas.

Habitualmente participamos nas asembleas, reunións e actividades da Federación de Cineclubes de Galicia. Cabe mencionar que foi en Vilagarcía onde se fundou a citada Federación no ano 1984.

Ano 2008

Neste ano deixamos de proxectar nos Cines Gran Arosa e iniciamos unha nova etapa de programación en formato DVD no Auditorio de Vilagarcía. Isto permítenos aforrar o custo do aluguer da sala e ter un horario de proxección máis adecuado ás necesidades dos socios.

• Programación regular

21-02-2008 — *La vida de los otros*
10-04-2008 — *La silla de Fernando*
15-05-2008 — *Vitus*
05-06-2008 — *El viaje del emperador*
26-05-2008 — *Nómadas del viento*
23-10-2008 — *Al este de Bucarest*
30-10-2008 — *Leones por corderos*
13-11-2008 — *El buscavidas*
27-11-2008 — *Once*
04-12-2008 — *Promises*
11-12-2008 — *Old boy*
18-12-2008 — *Cuerno de cabra*

• Ciclo de cine dedicado á muller

11-03-2008 — *Es más fácil para un camello*
25-03-2008 — *A las cinco de la tarde*

• **Cinemas Dixitais: cine árabe**

13-10-2008- En coche hasta Zigzigland

14-10-2008- Dunia

15-10-2008- Más allá del muro

16-10-2008- A levantarse

16-10-2008- Cinturón de fuego

17-10-2008- Un cuento de Sheherezade

17-10-2008- El otoño

17-10-2008- A los chicos no les gustan las vacas

CINECLUBE PADRE FEIJOO

A principios do curso 1970-71 naceu, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, o Cineclube Padre Feijoo, herdeiro da tradición cineclubista da cidade, que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense —de efémera vida, nacido en 1961 e fenecido pouco despois— e Miño —posto en marcha ao pouco de pechar o anterior, a aberto até 1964—. Nos setenta, o Padre Feijoo «desbordará os límites dun mero cine club e converterase nun dos elementos máis dinamizadores do movemento cultural, contribuíndo ao xurdimento e desenvolvemento dunha das manifestacións cinematográficas máis interesantes da década: as “Xornadas de Cine en Ourense”» (Ángel Luis Hueso en *Historia do Cine en Galicia*, Via Láctea, 1996, pp. 185-6). As Xornadas pasan no ano 78 a se denominaren «Xornadas do Cine das Nacionalidades», abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola, o Cineclube segue con ciclos como as Mostras Cinematográficas (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado «Espacios Fílmicos» en colaboración co Cine Dúplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés..., e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación (especialmente desde 1974; v. Marcos Valcárcel: «Apuntes para a historia do cineclubismo galego» en *Entregas de Comunicación Cultural*, n.º 7, Consellería de Cultura, 1984).

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais até salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos é acondicionado, mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35mm —que seguiron en funcionamento até 2004—, mercados de segunda man e posibilitaron que o Cineclube tivese en Ourense unha especie de «sede» para as súas sesións. Soamente a fins dos noventa pasou a utilizarse de forma intermitente o Teatro Principal, equipado co gallo do Festival de Cinema —utilización interrompida despois por un cambio na política da xerencia da sala—, e posteriormente existiu o proxecto, novamente en marcha, de restauración e reequipamento da sala da Casa da Cultura.

Moitas persoas teñen pasado pola directiva do noso Cineclube: lembremos, por poñer tan só uns exemplos, a Emilio Losada —primeiro presidente da entidade—, Segismundo Bobillo —tamén membro dos cineclubes precursores—, José Paz, Marcos Valcárcel, Eloy Lozano, Manuel Aián, Alfonso Blanco ou Alberto Llorente —presidente de 1995 a 2004—. Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia —con sede na cidade das Burgas—, que hoxe por hoxe agrupa todo o cineclubismo existente no país.

O Cineclube Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia, tan só superado polo Cineclube Pontevedra (creado en 1954) e polo Cineclube Carballiño —infelizmente inactivo desde hai uns anos—, que só ten un ano máis. Aínda que a atención institucional ao labor cineclubístico deixa moito que desexar —o noso Cineclube ten sobrevivido nos últimos anos no límite da débeda, con axudas só para ocasións específicas— perto de corenta anos traendo bo cinema á cidade de Ourense son un feito que hai que celebrar, e a mellor maneira é seguindo adiante.

O ano 2008

Ante a imposibilidade de conseguir unha sala pública en que realizar unha programación continuada, o Cineclube prosegue a colaboración iniciada en 2007 coas salas Cinebox Ourense. Aínda así, para casos moi específicos, este ano aínda se empregou o salón de actos da Casa da Cultura, como a proxección de dous documentais. Nestes momentos, estase a negociar de novo coas institucións ourensás a remodelación dese salón de actos, e o seu reequipamento coa adquisición dunha das máquinas e outro material de proxección do antigo Cine Dúplex.

Sen recuperar aínda a normalidade na súa actividade, o Cineclube conseguiu manter unha continuidade con oferta cinematográfica de calidade ao longo do ano.

• **Ciclo «Estreas en versión orixinal 2»**

30-01-2008 — *El romance de Astrea y Celadón*

20-02-2008 — *Last days*

27-02-2008 — *Irina Palm*

05-03-2008 — *Once*

• **Proxeccións especiais: Documentais sobre natureza e ecoloxía**

23-01-2008 — *Tierra*

12-03-2008 — *Unha lousa sobre o Courel* [Galicia]

14-04-2008 — *El salario del silencio* [Galicia]

• **Ciclo «Estreas en versión orixinal 3: Cinema Social»**

04-06-2008 — *All the invisible children*

11-06-2008 — *This is England*

18-06-2008 — *En un mundo libre...*

• **Ciclo «Cinema e Banda Deseñada»**

1-10-2008 — *El castillo ambulante*

8-10-2008 — *Persépolis*

• **Ciclo «Estreas en versión orixinal 4: Da comedia ao drama»**

26-11-2008 — *Yo serví al rey de Inglaterra*

03-12-2008 — *Honeydripper blues bar*

10-12-2008 — *Tropa de élite*

17-12-2008 — *Garage*

CINECLUBE VALLE-INCLÁN

O Club Cultural Valle-Inclán de Lugo nace o 13 de febreiro de 1966. Celebrábase aquel ano o centenario do nacemento de D. Ramón María del Valle-Inclán e os fundadores deciden poñerlle ao novo club o nome do insigne escritor galego. Terá como primeiro presidente a D. Julio Ulloa Vence.

O Valle-Inclán, como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como cineclub (cousa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unha das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con gran xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas, *Os paraugas de Cherburgo*, de J. Demy. Virá despois, durante anos, a mellor selección da sétima arte, nas pantallas do Cine España, Cine Kursal, Gran Teatro e Cine Victoria, hoxe desaparecidos.

Aínda que o cine e o teatro son os puntos de referencia para a súa actividade, de inmediato a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente na recuperación, potenciación e defensa da cultura e a lingua galegas. No primeiro ano réndelle homenaxe a Valle-Inclán cun programa que abrangue conferencias, obras de teatro e recitais. Participan D. Antonio Ona de Echave, Bispo da Diocese, D. Alvaro Cunqueiro, D. Ricardo Carballo Calero, D. Domingo García Sabell, D. Juan Guerrero Zamora. Colaboran os actores Angela María Torres, Julieta Serrano, Julio Navarro, Italo Ricardo e Antonio Penedo.

O 17 de maio de 1967 promove a celebración da primeira misa en galego. Epístola, Evanxeo e Homilía (únicas concesións da xerarquía eclesiástica naquel tempo).

Na década dos 70 presta atención especial ao teatro. Neste eido achegou a Lugo ás agrupacións de máis sona e as obras de vangarda.

Preocupan nesta década as centrais nucleares —con especial referencia á proxectada para Xove—; o goberno da Galicia rural; os montes veciñais en man común; a emigración e a industrialización en Galicia; a Seguridade Social Agraria; o ensino e a normalización da lingua galega. Temas analizados e debatidos por especialistas que convocaron a unha numerosa e interesada audiencia.

Década rica en actividade, con presenza tamén da música. Por poñer un par de exemplos haberá que citar o *Festival do movemento da canción galega* con Antón Seoane, Emilio Cao, Jei Noguerol, Miro Casabella, Rodrigo Romani, Xurxo Mares e Xosé Manuel. Tamén *Galicia canta ao Neno* dos lucenses Fuxan os Ventos.

Noméase un comité de honra para elaborar a programación que celebre o vinte aniversario. Inclúe *Homenaxe ós traballadores lugueses da cultura* —Luís Pimentel, Leopoldo Villamil Corredoira, Aureliano J. Pereira, Alvaro Cunqueiro, Julia Minguillón, Aquilino Iglesia Alvariño, María Mariño, Juan Montes, Pascual veiga, Manuel Castro-Gil—. *Homenaxe a Valle-Inclán. Semanas das culturas brasileira e portuguesa. Homenaxe ó cine.*

Serán escenario para as actividades do “Valle-Inclán” o Salón Rexio do Círculo das Artes, os salóns de actos da EUITA, Escola de Comercio e Banco Bilbao.

Despois dun tempo de silencio, o “Club Cultural Valle-Inclán”, incia unha nova xeira no ano 1994. Reivindicacións e manifestos —Por unha cidade viva; defensa do Gran Teatro e Cuartel de San Fernando—. Proposta para Cronista Oficial da Cidade. E de destacar o traballo a prol do recoñecemento pola Unesco da Muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. Máis cine. Novos ciclos.

Cuestións de sempre. Agora os escenarios serán o Auditorio Gustavo Freira, Fundación Caixa Galicia, Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Galería Sargadelos e Biblioteca Pública.

Ao longo do tempo o “Club Cultural Valle-Inclán” ten programado actividades sobre historia, lingua e literatura, economía, desenvolvemento, educación, ecoloxía, saúde, tradición, vangarda, socioloxía, patrimonio cultural, arte, actualidade, presentación de libros, cursiños, música, poesía, Día das letras galegas, exposicións, viaxes culturais con rutas polas catro provincias galegas, limítrofes, Portugal e París...

Nomes para á presidencia: D. Julio Ulloa Vence, D. José Manuel Otero Novás, D. Benxamín Casal Vila, D. Ovidio Vázquez Rodríguez, D. Carlos Varela Veiga, D. Camilo Gómez Torres, D. Francisco Arrizado Yañez, D^a Carmen Vázquez Vázquez, D. Xerardo Pardo de Vera e D^a M^a Antonina Gay Parga.

O capítulo de cine comprendeu —e comprende, pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais— a proxección de películas tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo, sempre que isto é posible, aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenvolvidos —historia, literatura— en conferencias cos seus correspondentes no cine. Os lugares de proxección foron ata os anos oitenta as salas que se brindaban a iso, principalmente o Kursal, o Central Cinema e o España. Na renacemento que experimentou a sociedade nos anos 90, comezaron grandes dificultades para contar cos novos foros —os anteriores foron desaparecendo—, debido, sobre todo, ás compensacións económicas que exixían, o que aconsellou solicitar do Concello a cesión do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que, aínda que precario, se usa na actualidade para as proxeccións cinematográficas en 35 mm, en agarda da construción do novo Auditorio-Teatro en proxecto, intramuros e polo tanto ben máis céntrico, o que resolverá o problema do relativo afastamento do Campus Universitario do lugar de exhibición. No ano 2006 iniciase unha colaboración coa Escola de Maxisterio para usar as súas instalacións para a realización de proxeccións en formato DVD.

Ano 2008

Viaxes

1-2 de marzo: viaxe a Madrid, que incluía unha visita guiada a ampliación do Museo do Prado e a exposición “Roma SPQR”.

30 de marzo: viaxe a Ribadeo.

13 de abril: viaxe a Grandas de Salime, última etapa do traxecto asturiano do Camiño Primitivo da Rota Xacobeá.

30 de abril ao 4 de maio: viaxe a Euskadi con visitas guiadas á Cidade Romana de Iruña e ás obras da Catedral de Santa María, en Vitoria; cidade de San Sebastián, Museo de Belas Artes e Museo Guggenheim, en Bilbao; visitas a Gernika, Mundaka e Bermeo.

15 de xuño: visita á Casa Museo de Rosalía en A Matanza, Padrón. Paseo en catamarán pola ría de Arousa.

29 de xuño: Festa do Socio. Ruta do Azúmara.

2 de setembro: Km 0. Canóns do Sil.

14 de setembro: Santo Estevo de Ribas de Sil. Coa Sociedade Filarmónica de Lugo e Asociación de Antigos Alumnos da Escola Ramón Falcón.

27 e 28 de setembro: combinado Illa de San Simón – Os mundos de Xosé María Álvarez Blázquez – Vila Nova de Cerveira.

4 de novembro: Km 0. Río Eo.

9 de novembro: Alta Limia.

23 de novembro: Lugo romano.

Conferencias

16 de maio: celebración do Día das Letras Galegas. Conferencia de Darío X. Cabana, escritor e académico (RAG) baixo o título *Xosé María Blázquez: o home e o poeta*.

15, 17, 22 e 24 de outubro: Ciclo O Segredo de Cilistro. Lembrando a Celestino Fernández de la Vega.

Cinema

• Ciclo Fassbinder, poder e alteridade

Sesiós ás oito da tarde no Salón de Actos da Escola Universitaria de Formación do Profesorado.

14-04-2008 — *Katzelmacher*
18-04-2008 — *Miedo al miedo*
28-04-2008 — *La ruleta china*
12-05-2008 — *Un año con 13 lunas*

• Cinemas Dixitais: cine árabe

13-10-2008 — *A levantarse*
13-10-2008 — *En coche hasta Zigzigland*
20-10-2008 — *Dunia*
27-10-2008 — *Un cuento de Sheherazade*
27-10-2008 — *Cinturon de fuego*
03-11-2008 — *Sombras en la noche*
10-11-2008 — *Más allá del muro*
10-11-2008 — *Damos una vuelta*
10-11-2008 — *A los chicos no les gustan las vacas*
10-11-2008 — *El otoño*

• Ciclo Kaurismäki

26-11-2008 — *La chica de la fábrica de cerillas*
01-12-2008 — *Nubes pasajeras*
03-12-2008 — *Juha*
05-12-2008 — *Un hombre sin pasado*

• Semana de Cine Europeo 2

10-12-2008 — *Yo serví al rey de Inglaterra*
12-12-2008 — *12:08 al este de Bucarest*
15-12-2008 — *Las cajas españolas*
16-12-2008 — *Pingpong*
17-12-2008 — *El silencio antes de Bach*

CINECLUBE CANGAS

O Cineclub Cangas nace hai xa 31 anos. Cando naceu, había na nosa vila dúas salas de cine, despois tres, e hoxe non hai ningunha. Esta perda vai parella á perda de interese polo cine dunha gran parte da xente que o tiña antes como a única actividade cultural de lecer.

O noso cineclub, a diferenza doutros, está integrado nunha asociación cultural, e iso permítenos sobrevivir con máis facilidade, pois aglutínanse nela persoas con intereses diversos que cotizan para o conxunto de actividades que se organizan. Contamos cuns 120 socios. Esta cifra foi baixando desde que o peche da última sala comercial nos impediu realizar proxeccións de forma regular. Pasamos das dezanove ou vinte películas anuais ás 12 do ano 2006.

Ano 2008

A programación do noso cineclub segue a estar determinada pola falla de dotación do Auditorio Municipal. O acordo co concello para aboar o importe do aluguer do proxector resulta unha carga, pois debemos adiantar o importe dun ano enteiro, o que supón un lastre demasiado pesado para manter unha programación continua. A presenza de público é regular.

Grazas ao convenio que mantemos co Centro Municipal de Benestar Social realizamos todos os anos un ciclo de cine dentro das Xornadas Interculturais. Retomamos a organización dunha Semana de Cine.

• Programación ordinaria

25-01-2008 — *Naturaleza muerta*
01-02-2008 — *Transylvania*
15-02-2008 — *La boda de Tuya*
22-02-2008 — *Fraulein*
04-04-2008 — *Persépolis*
11-04-2008 — *4 meses, 3 semanas, 2 días*
09-05-2008 — *Asuntos privados en lugares públicos*
16-05-2008 — *En un mundo libre...*
03-06-2008 — *El tren de la memoria*
04-06-2008 — *Cuando naces ya no puedes esconderte*
05-06-2008 — *Escape to paradise*
06-06-2008 — *14 km*
13-06-2008 — *Padre nuestro*
21-11-2008 — *Requiem por Billy el niño*
05-12-2008 — *Yo serví al rey de Inglaterra*
12-12-2008 — *Odette, una comedia sobre la felicidad*

• Semana de Cine

04-11-2008 — *El gólem*
04-11-2008 — *Una chica cortada en dos*
05-11-2008 — *Tabú*
05-11-2008 — *Mil años de oración*
06-11-2008 — *La edad de la ignorancia*

06-11-2008 — Metrópolis
07-11-2008 — Wonderful town
08-11-2008 — El castillo ambulante
08-11-2008 — La noche es nuestra

CINECLUBE LUMIÈRE-VIGO

O Cineclub Lumière é unha asociación cultural sen ánimo de lucro recoñecida no ámbito municipal co número de rexistro 275/93. Foi creada en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente ata ese momento, e outro xeito de ver o cine.

Son fins desta entidade:

- A difusión da cultura cinematográfica.
- A estimulación da vocación e interese polo estudo e o goce do cine.
- O achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico.
- A promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e a posterior exhibición dos seus traballos.

Así mesmo, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a todas as persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas o longo da súa historia cabe destacar:

— As colaboracións estables —organizando diversos ciclos de cine— con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal..., como son: Concellería de Xuventude, Concellería de Educación, Concellería da Muller, Universidade de Vigo, Alianza Francesa de Vigo, Escola Oficial de Idiomas, Aula de Cultura de Caixa Galicia, Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, Colexio de Arquitectos de Vigo, Fundación Érguete-Integración, asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Frago, etc.

— A organización, no ámbito estritamente cinematográfico, de:

- I Premio de Guións Chano Piñeiro no ano 1995.
- Ciclos de cine galego-portugués nos anos 1993 e 1994.
- Ciclo de cine cubano no ano 1997
- Exhibición de curtametraxes de mozos realizadores, anos 1994 a 2003.

— Participación como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal) no ano 1995 e no Festival Internacional Karlovy Vary (República Checa), no ano 2002.

- Colaboración na produción de curtametraxes.
- Organización de exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas.
- Participación en tertulias e entrevistas de radio e televisión.

Ano 2008

• Programación regular

- 07-01-2008 — *Hana*
- 14-01-2008 — *Propiedad privada*
- 21-01-2008 — *Delirious*
- 28-01-2008 — *Read Road*
- 04-02-2008 — *Cuando naces ya no puedes esconderte*
- 11-02-2008 — *Requien por Billy el niño*
- 18-02-2008 — *Fraulein*
- 25-02-2008 — *Mala noche*
- 03-03-2008 — *El bosque del luto*
- 10-03-2008 — *Garçon stupide*
- 17-03-2008 — *Euphoria*
- 24-03-2008 — *El silencio antes de Bach*
- 31-03-2008 — *Nostalgia*
- 07-04-2008 — *Lady Chatterley*
- 14-04-2008 — *La estrella ausente*

21-04-2008 — *Trenes rigurosamente vigilados*
28-04-2008 — *Luz silenciosa*
05-05-2008 — *Japón*
12-05-2008 — *Mother of mine*
19-05-2008 — *Sueños*
26-05-2008 — *A way of life*
02-06-2008 — *All the invisible children*
09-06-2008 — *Pingpong*
16-06-2008 — *Buda explotó por vergüenza*
23-06-2008 — *Leo, el último*
30-06-2008 — *Love & honor*
01-09-2008 — *El paraíso de Hafner*
08-09-2008 — *Paisajes transformados*
15-09-2008 — *Nuestro pan de cada día*
22-09-2008 — *A ciegas*
29-09-2008 — *Oro negro*
06-10-2008 — *A soap*
13-10-2008 — *Aleksandra*
20-10-2008 — *Aliento*
27-10-2008 — *California dreamin'*
03-11-2008 — *El largo viaje del juez Feng*
10-11-2008 — *Libranos del mal*
17-11-2008 — *Uranya*
24-11-2008 — *Calle Santa Fe*
01-12-2008 — *Sueños del desierto*
15-12-2008 — *Cien clavos*
22-12-2008 — *Wonderful town*
29-12-2009 — *El abogado del terror*

Publicidade das actividades do Cineclub Lumiere-Vigo

Durante os meses que comprenden o presente proxecto, o Cineclub Lumière procede á distribución de 100 carteis e 1.500 trípticos mensuais, nos que se recolle a programación das películas a proxectar polo Cineclub. O reparto deste material faise nos seguintes estamentos locais: academias, asociacións culturais, bibliotecas, institutos de ensino, medios de comunicación, organismos oficiais, pubs e cafetarías, universidade. Nos lugares citados repártense a totalidade dos carteis e o 60% dos trípticos. O restante 40% resérvase para a súa distribución entre os socios e colaboradores asistentes a cada unha das proxeccións.

Perfil dos asistentes

A idade dos asistentes vai dos dezasete ata os cincuenta anos máis ou menos; estudantes, profesores e profesionais liberais.

CINECLUB PONTEVEDRA

O 24 de abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclube Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de xullo do mesmo ano pola Dirección General de Política Interior do Ministerio de Gobernación.

O día 13 de xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización governativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica, que consistiu na proxección dos documentais *France 4 saisons*, *Van Gogh*, *Versailles e ses fantômes* e *Balzac*, que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial, Sr. Álvarez Villar.

Son membros da Xunta Fundadora:

- D. Julián Álvarez Villar
- D. Enrique Fernández Villamil y Alegre
- D. Rafael Landín Carrasco
- D. Luciano del Río Besada
- D. José Hermida Vidal
- D. José Filgueira Valverde
- D. Ramón Sabell Mosquera
- D. Luis Lois Mosquera
- D. Manuel Carrochano Gálvez
- D. Antonio Odriozola Pietas

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclube Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co n.º 20.

O 17 de outubro de 1955 prodúcese o primeiro cambio na Xunta Directiva, que quedou como segue:

- Presidente: D. Rafael Landín Carrasco
- Vicepresidente: Sr. Sandoval
- Tesoureiro: D. Rafael Melero Granjo
- Secretario: D. Juan Manuel Lezcano y Castedo
- Vogal 1.º: D. Manuel Sierto Pérez

A partir de aquí, D. Juan Manuel Lezcano y Castedo pasou a ser o impulsor do Cineclube Pontevedra, ben como secretario, ou ben como presidente, ata os anos 70/80, nos que o substituíron xeracións máis novas: Joaquín Fariña, Lino, Felipe, Carlos Osorio, Pedro Iturburrúa e Ana Fernández.

Nestes 50 anos, o Cineclube Pontevedra mantivo a súa actividade ininterrompidamente a pesar dos avatares e cambios ocorridos nas preferencias do público, nos cinéfilos e nos medios audiovisuais.

Ano 2008

• Ciclo Cine de Actualidade

- 16-01-2008 — *Promesas del este*
- 30-01-2008 — *Tideland*
- 20-02-2008 — *Once*
- 11-06-2008 — *Y tú que sabes*
- 18-08-2008 — *Buda explotó por vergüenza*
- 25-06-2008 — *En un mundo libre*
- 02-07-2008 — *El viento que agita la cebada*
- 01-10-2008 — *La edad de la ignorancia*
- 15-10-2008 — *La duquesa de Langlois*

26-11-2008 — *Una chica cortada en dos*
17-12-2008 — *Al otro lado*

• **Ciclo Historia do Cine**

09-01-2008 — *Te querré para siempre*
23-01-2008 — *El general de la Rovere*
13-02-2008 — *Fugitivos en la noche*
27-02-2008 — *Roma*
30-04-2008 — *Satiricón*
04-06-2008 — *Blade Runner*
09-07-2008 — *Había un padre*
08-10-2008 — *Panther panchali*
22-10-2008 — *The river*
12-11-2008 — *Apajarito*
03-12-2008 — *Apu sansar*

• **Ciclo de Cine dedicado á muller**

05-03-2008 — *7 mesas de billar francés*
12-03-2008 — *Mataharis*
26-03-2008 — *Persépolis*

• **Ciclo de Cine dedicado a Cecilia Bartolomé**

02-04-2008 — *Vámonos, Bárbara*
02-04-2008 — *Margarita y el lobo*
09-04-2008 — *Después de... 1.ª parte*
16-04-2008 — *Después de... 2.ª parte*
23-04-2008 — *Lejos de Africa*

• **Noites abertas**

11-04-2008 — *Scratch*

• **Ciclo de Cine Galego**

16-05-2008 — *Nocturna* [Galicia]
16-05-2008 — *O bufón e a infanta* [Galicia]
16-05-2008 — *O ladrón de bonecas* [Galicia]
16-05-2008 — *En marcha por un desafío* [Galicia]
16-05-2008 — *As catedrais do silencio* [Galicia]
21-05-2008 — *O neno de barro* [Galicia]
21-05-2008 — *O cazador* [Galicia]
21-05-2008 — *Don señor e o home do soño* [Galicia]
21-05-2008 — *Cousas do Kulechov* [Galicia]
21-05-2008 — *Historias dunha torre* [Galicia]

• **Ciclo “Discapacidade no Cine”**

03-09-2008 — *Los idiotas*
10-09-2008 — *La familia Savage*
17-09-2008 — *Lars y una chica de verdad*
24-09-2008 — *La escafandra y la mariposa*

• **Cine na rúa**

28-07-2008 — *El ilusionista*
29-07-2008 — *Un funeral de muerte*
30-07-2008 — *Cassandra's dream*
31-07-2008 — *Ocean's thirteen*
01-08-2008 — *Ratatouille*

• **Semana de cine infantil**

17-11-2008 — *Bienvenidos a Belleville*
18-11-2008 — *O bosque animado* [Galicia]
19-11-2008 — *Movida bajo el mar*
20-11-2008 — *Buda explotó por vergüenza*
21-11-2008 — *Horton*

CINECLUBE OS PAPEIROS

O Cineclub Os Papeiros de Chantada continuou ao longo do ano 2008 o seu traballo na divulgación cinematográfica nunha vila de moi poucos habitantes e con enormes dificultades de programación tanto por falla de recursos económicos como pola practica inexistencia de locais onde desenvolver as proxeccións. Aínda así Cineclub Os Papeiros mantivo a súa programación coas convocatorias habituais e novos proxectos. Estas foron as nosas actividades.

• 15.ª Semana de Cinema de Chantada

Este ano trasladouse ao Parque Eloisa Rivadulla de Chantada, instalando unha carpa xigante para facilitar as proxeccións nos días de chuvia. Ás sesións acudiron mais de 1.000 persoas. Proxectáronse as seguintes películas en formato 35mm co proxector da Federación de Cineclubes.

11-08-2008 — Persépolis
12-08-2008 — Caramel
13-08-2008 — Las trece rosas
14-08-2008 — 14 kilometros

• 10.ª Semana Curta

Paralelamente as proxeccións da Semana de Cine proxectáronse no mesmo lugar e datas estas curtametraxes, incluíndo presentacións a cargo dos directores.

Nueve
Lusydi
L'amour
Malo será
12007
Plantarse

• Cinemateca Mamasunción

Continuouse coa adquisición e cesión gratuíta de fondos cinematográficos de distintos países a centros educativos, culturais e público en xeral.

• Cinema con rodas

Promoveuse, por primeira vez unha iniciativa de poñerlle rodas ao cinema a través dun carriño adquirido en Alemaña que, arrastrado por unha bicicleta, percorría as rúas e instalábase en distintos lugares cargado con 100 DVD de distintos países para que a xente os puidese ollar na súa casa. Agora quedou instalado na Casa da Cultura con máis de 200 préstamos de cinema asiático, latinoamericano, africano...

• Cine e Alzheimer

En colaboración coa asociación de apoio aos enfermos de Alzheimer organizáronse dúas proxeccións no Centro de Maiores de Chantada con presentación a cargo de membros do Cineclub Os Papeiros.

16-09-2008 — El hijo de la novia
17-09-2008 — Y tú quién eres

Avaliación

Recoñecendo as nosas graves carencias a nivel de base social, infraestruturas..., seguimos crendo na importancia do traballo dun cineclub en pobos pequenos como único referente da cultura cinematográfica que abre xanelas a outras miradas ao mundo a través das distintas expresións culturais, algo irrenunciable nestes tempos.

CINECLUBE A CALEXA

Hai uns anos que un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo na nosa afección ao cine, nos reunimos nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte ante unha convocatoria que vimos nos medios de comunicación locais. Tratábase de organizar un cineclub en Monforte: mellor aínda, tratábase de que en Monforte puidese verse un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a nosa. Dese grupiño saíron ideas, saíu o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclub (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclub que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se prece, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada ás veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o Cine-teatro Lemos, que xa estaba agonizando cando demos a nosa primeira película en 35mm, *Reservoir dogs*. Aquel día vimos claro que o futuro do noso cineclube estaba en proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tivemos o honor de despedir o Cine-teatro Lemos para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo noso cineclube, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclube: *O Tren de sombras* de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case nun mito para nos, da que nos levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou á nosa cidade representada por tres salas con todas as condicións esixibles a un cine moderno: os Multicines Hollywood. Co tempo, Cineclube A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine e tamén fomos dando coa fórmula: proxectar unha película todos os mércores fin de mes, e organizar unha mostra de cine, que xa leva 7 outubros de vida. A fórmula vai funcionando satisfactoriamente, porque o cineclube proxecta con absoluta regularidade, e vaise rodeando dun público fiel que, a pesar dunha hora un tanto intempestiva e dun día da semana bastante anódino, vén ás nosas proxeccións unha e outra vez.

Naturalmente, nesta breve e dispersa síntese da historia do noso cineclube, é obrigado facer mención da súa intenta repercusión na vida social e cultural de Monforte e a súa comarca, do que hoxe é un referente cultural ineludible: xa ten ás súas costas varias exposicións (cartelería, programas de man, boletíns, etc.), algunhas delas con eco en medios de comunicación nacional. O cineclub ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos Anónimos, Drogodependencias...), e as súas proxeccións estendéronse tamén ao público infantil nas datas de vacacións. Organizados polo menos dúas ceas anuais abertas a todo aquel interesado no cine nas que as conversacións sempre derivan no mesmo tema: a nosa insubornable afección polo bo cine.

A presenza do noso cineclub nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso contorno inmediato.

O Cineclube A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensamos que ía ter hai seis anos, cando unha película era unha proba superada. Hoxe todos os monfortinos saben que é o Cineclube A Calexa. Que mágoa sería perder todo isto!

Este tipo de organizacións non se sosteñen indefinidamente co traballo desinteresado e o entusiasmo da xente. Necesitan un apoio público decidido e claro. Queremos cultura, pois o seu é apoiar

á xente que é capaz de organizarse e que acredita solvencia ofrecendo un produto cultural de calidade. Eles poñen a xestión, e os poderes públicos o seu apoio.

Na actualidade, e dende fai tres anos, contamos co apoio do Concello de Monforte, así como do comercio monfortino, e o máis básico de todo, os socios do Cineclube A Calexa. Fai catros anos que ocupamos a vicepresidencia da Federación de Cineclubes de Galicia. Tamén asistimos como invitados ou xurado a festivais cinematográficos de Portugal (Viana do Castelo, Fafe, Lisboa...)

Ano 2008

• Programación regular

23-04-2008 — This is England

28-05-2008 — La escafandra y la mariposa

• Primeira edición do concurso escolar de curtametraxes. O día 24 de abril de fixo a entrega de premios e exhibición das curtas.

• Semana de Cine

20-10-2008 — Funny games

21-10-2008 — Yo serví al rey de Inglaterra

22-10-2008 — Antes que el diablo sepa que has muerto

27-10-2008 — Buda explotó por vergüenza

28-10-2008 — La niebla

29-10-2008 — Taxi driver

• Cine Galego

Good night mon ami

Ignotus

A subela

O visgo máximo

Galicia y Buenos Aires (1930)

• Convocatoria da segunda edición do concurso escolar de curtametraxes

• Organización, en colaboración co Concello de Monforte dos seguintes ciclos de “Cinemas Dixitais”:

Movimentos sociais

Emigración

Urbanismo e vivenda

Memoria histórica

CINECLUB GROUCHO MARX

O Cineclub Groucho Marx inicia a súa andadura a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, amais da exhibición e o debate sobre o cine de calidade, é a introdución e a participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e a defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos, causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizaba as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou “TV Groucho Marx”, unha experiencia única no Estado español ata aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se acercaron ao Barco de Valdeorras a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de videocreación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

A introdución do cine no ensino foi un proxecto no que estaban implicados todos os niveles de todos os centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cine club Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

Os resultados destas e outras experiencias eran expostos en varios foros polos membros do cineclub convidados a tal efecto, como nas “Xornadas de Pedagogía da Imaxe” organizadas polo Centro de Enseñanzas Integradas e a Generalitat Valenciana en Valencia, a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de Xixón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ao propio Cineclub Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival, e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Ten publicación periódica que contén artigos de opinión e información detallada da programación. Chegou a ter un diario propio, o *Diario Marxista*.

Normalmente vén realizando unha media de máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura do Barco. Debido ás obras de reforma a que está sometida a citada Casa da Cultura tivo que suspender temporalmente a súa actividade no ano 2005. En xuño de 2006 volta a súa actividade.

Ano 2008

• Programación semanal

10-01-2008 — *La boda de Tuya*
17-01-2008 — *La camarera*
24-01-2008 — *Mi hermano es hijo único*
31-01-2008 — *Once*
07-02-2008 — *Canciones de amor en Lolita's Club*
21-02-2008 — *Fados*
28-02-2008 — *7 mesas de billar francés*
06-03-2008 — *Irina Palm*
13-03-2008 — *El último tren a Auschwitz*
27-03-2008 — *El silencio antes de Bach*
02-04-2008 — *Tierra*
10-04-2008 — *14 km*
17-04-2008 — *Viaje a Darjeling*
24-04-2008 — *La escafandra y la mariposa*
08-05-2008 — *En un mundo libre...*
15-05-2008 — *Caramel*
29-05-2008 — *La familia Savages*
19-09-2008 — *Prométeme*

25-09-2008 — *Tropa de élite*
02-10-2008 — *Gente poco corriente*
09-10-2008 — *Yo serví al rey de Inglaterra*
16-10-2008 — *Una chica cortada en dos*
23-10-2008 — *Aliento*
30-10-2008 — *Una palabra tuya*
06-11-2008 — *Por fin viuda*
13-11-2008 — *La batalla de Seattle*
27-11-2008 — *4 vidas*

• **Semana de Cine**

22-08-2008 — *Cometas en el cielo*
22-08-2008 — *El patito feo*
23-08-2008 — *Fuera de carta*
23-08-2008 — *Indiana Jones y el reino de la calavera de cristal*
25-08-2008 — *Speed racer*
25-08-2008 — *Casual day*
26-08-2008 — *Los falsificadores*
27-08-2008 — *Abrígate [Galicia]*
27-08-2008 — *Las crónicas de Narnia: el príncipe Caspian*
28-08-2008 — *Caos calmo*
29-08-2008 — *Kung Fu Panda*
29-08-2008 — *Un novio para Yasmina*
30-08-2008 — *Antes de que el diablo sepa que has muerto*
31-08-2008 — *Todos estamos invitados*
01-09-2008 — *El bosque de luto*

• **Cinemas Dixitais. Documentais**

03-11-2008 — *Lobos sucios [Galicia]*
12-11-2008 — *Isaac [Galicia]*
26-11-2008 — *Bandoleiros ou guerrilleiros [Galicia]*
03-12-2008 — *A memoria dos tempos do volfran [Galicia]*

CINECLUBE FANTASIO

No ano 2004 o número de cineclubs que integran esta Federación vese incrementado co ingreso do Cineclube Fantasio de Redondela.

Durante os meses que comprenden o presente proxecto, o Cineclube Fantasio contou coa colaboración da Concellería de Cultura e a Concellería de Participación Cidadá do Concello de Redondela, así como a da Federación de Cineclubes de Galicia

A media de asistencia foi de setenta persoas presentes en cada proxección, agás nas do cine infantil do Nadal, nas que se superaron as previsións con máis de trescentas persoas.

Realiza as súas proxeccións no cine da Redondela; normalmente programa unha película cada quince días, sempre en versión orixinal.

No ano 2007 suspende temporalmente as súas actividades.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

A fundación do Cineclub de Compostela data da primavera de 2001, cando un grupo de mozos universitarios, estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación, comezamos a proxectar filmes en vídeo no nomeado centro educativo. As proxeccións duraron tres meses, de marzo a maio. Cada filme viña acompañado dunha recensión na que algún de nós realizaba un estudo crítico da obra, práctica que continuamos desde aquela. Esta experiencia inicial foi un ensaio do que chegaría a ser logo o Cineclub, xa que nese tempo, unha vez confirmada a existencia dun público para as nosas actividades, comezámonos a organizar: constituímonos como asociación cultural, xurdiron as primeiras ideas, trabamos relación cos espectadores interesados no proxecto... Foise formando un grupo de persoas que querían facer cousas, entre as que se distribuíron as funcións básicas. Eran as trazas do futuro Cineclub.

En xaneiro de 2002 comezamos a segunda xeira do Cineclub exhibindo xa filmes en formato cinematográfico, 16mm ou 35mm, todos os martes no Auditorio da Facultade de Xornalismo.

Nese tempo comezamos a formar un fondo de vídeo, de revistas e de libros, ao que tiñan acceso os nosos socios, e que servía como canle alternativa de achegamento ao cinema.

Na cuarta xeira houbo cambios importantes: ampliamos a duración da nosa actividade a oito meses (de outubro de 2003 a maio de 2004) e as proxeccións se trasladaron a Sala Yago. O cambio de espazo supuxo un incremento de público superior ó 100% situándonos nunha media de 190 espectadores.

Na actualidade as proxeccións do Cineclub de Compostela realízanse no Local Social «O Pichel».

CINECLUB O POLEIRO

O Cineclub O Poleiro xurdiu en 1998 pola necesidade de encher un oco cultural na nosa comarca do Baixo Miño no ámbito cinematográfico. O cine, entendido non só como un entretemento senón tamén como unha actividade artística dos nosos días, non pode quedar descoñecido a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste. Os medios de distribución cinematográfica achegan a comarcas como a nosa só as películas máis comerciais que, ás veces, non son as de maior valor artístico e cultural.

A actividade do Cineclub O Poleiro, pola zona xeográfica na que actúa, é modesta. Desde a súa constitución, organiza ciclos de catro películas que se proxectan o primeiro xoves de cada mes, excepto nos meses de verán, no cine Avenida da Guarda.

Por iso, procuramos seleccionar só aquelas longametraxes que consideramos de interese xeral, polos temas que tratan, polo estilo e xénero, pola actualidade e pola inaccesibilidade ás proxeccións das mesmas. Non queremos descoidar aqueles traballos que se están a facer na península e en Ibero América. Gustaríanos que houbera unha actividade cinematográfica máis intensa en Galicia.

No ano 2005, pechou a sala de cine da Guarda, lugar onde viñan tendo lugar as proxeccións do cineclub, o que os obrigou a cesar na súa actividade cinematográfica.

CLUBE DE CINE CINEMATÓGRAFO

O proxecto do Clube de Cine Cinematógrafo de Salceda de Caselas nace no ano 2001 como consecuencia da inquedaanza dun grupo de afeccionados ao cine.

Despois dunhas iniciais reunións para establecer un grupo de traballo, procedeuse á elaboración e posterior presentación da documentación necesaria de conformidade coa Lei de Asociacións de 1964 e o Decreto 1440/1965. A presentación da documentación levouse a cabo o día 19 de abril de 2001, e a resolución ten data de 8 de maio de 2001, dando lugar ao número de inscrición 2001/005562-1. Con data de 7 de xuño de 2001 solicítase o número de identificación fiscal, sendo este o seguinte: G36386134.

Actualmente a asociación xa recibiu a resolución favorable da modificación dos novos Estatutos de acordo ao establecido na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

O proxecto do Clube de Cine Cinematógrafo, como entidade asociativa sen ánimo lucro legalmente constituída, persegue desde o seu comezo os seguintes fins:

- Promoción e difusión da cultura cinematográfica, importante tarefa esta nunha vila na que non existe sala comercial ningunha, mediante proxeccións periódicas.
- Achegamento do cine á sociedade dun xeito crítico e educativo, editando un pequeno folleto informativo referente á proxección a realizar.
- Potenciar o interese polo estudo e o goce do cine, aproximándoo ás xeracións máis novas.

Os recursos humanos necesarios para a realización da actividade son achega específica do propio Clube de Cine Cinematógrafo, e fan referencia á planificación, coordinación e execución.

Os medios técnicos necesarios (sala de proxección, proxector, equipo de son e pantalla) son achegados polo Concello de Salceda de Caselas e o Colexio Público Altamira de Salceda de Caselas.

Por problemas de equipamento, no ano 2005 tiveron que deixar a súa actividade.